

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR FINALISTA NAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DO ERC NO MARCO DO H2020

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2020

REUNIDOS

Don FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Dona CARMEN POMAR TOJO, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo.

Don ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/201, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os

seus estatutos. Encóntrase adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO: Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da mesma (DOG nº. 219, do 16 de novembro).

Nese marco, correspóndelle velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do Sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO: Que os programas de financiamento xestionados polo Consello Europeo de Investigación (en diante ERC do seu nome en inglés, European Research Council) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 28 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:

- *ERC Starting Grants (StG):* apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
- *ERC Consolidator Grants (CoG):* apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
- *ERC Advanced Grant (AdG):* apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.

Na actualidade, en Galicia son as universidades públicas os principais organismos de investigación que contan con investigadores que obtiveron algunha das axudas do ERC.

CUARTO: Que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o *Programa Oportunius*; este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición dos investigadores un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

- a) *Atracción da excelencia:* captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente (posuídores dunha bolsa ERC) mediante:
 - a.1) A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do ERC.
 - a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de bolsas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.
- b) *Apoio á excelencia:* impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibiran financiamento. Dotarase ao investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.
- c) *Fomento da excelencia:* estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ao investigador formación e asesoramento para a preparación e presentación de propostas ao ERC co obxecto de incrementar as posibilidades de obtención dunha bolsa desta natureza.

QUINTO: Que en execución da actuación a.2) do Programa Oportunius, antes citada, a Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Universidades, dende o ano 2012 ven apoiando ao persoal investigador dos programas Grants complementado as axudas recibidas do Consello Europeo de Investigación para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

GAIN e a Secretaría Xeral de Universidades en execución da actuación b)- *Apoio á Excelencia do Programa Oportunius*, obxecto deste convenio, queren recoñecer o labor do persoal investigador que, cumprindo as condicións do programa desenvolve a súa actividade no ámbito do Sistema Universitario de Galicia.

Neste senso e con carácter anual desde 2015, GAIN, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades do Sistema Universitario de Galicia están a asinar convenios de colaboración para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do H2020.

SEXTO: Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que estase a fomentar a participación de investigadores con traxectorias científicas prometedoras en convocatorias no ámbito dos programas do Espazo Europeo de Investigación e de prestixiosas institucións europeas, co fin de situar a investigación galega na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixo fundamental do desenvolvemento económico e social de Galicia.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia as principais entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con investigadores con subvencións vixentes do ERC e con investigadores que superaron a primeira fase do proceso de avaliación das citadas bolsas.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer, dentro do *Programa Oportunius*, o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Universidades, e a Universidade de Santiago de Compostela que permita reforzar a actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nas convocatorias de axudas StG, CoG e AdG do ERC dentro do programa europeo de I+D+i Horizonte 2020 e non obtivo financiamento.

O obxectivo é ofrecer ás universidades, neste caso a USC por ser a única que conta cunha investigadora finalista da última convocatoria StG do ERC resolta, fondos destinados a apoiar a actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nunha das referidas convocatorias do ERC.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

1. Custos de persoal (investigadores, técnicos e demais persoal auxiliar) adicado ás actividades obxecto do convenio.
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición.
As licenzas e renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para actividades de investigación e non de uso xeral.
3. Subcontratacións con organismos de investigación ou empresas, precisas para a execución das actividades subvencionadas. Estas subcontratacións non poderán superar o 50% da actividade subvencionada.
4. Servizos tecnolóxicos necesarios para a execución das accións subvencionadas e que estean destinados de maneira exclusiva ás actividades obxecto do convenio. Consideraranse servizos tecnolóxicos aquelas actividades prestadas de forma puntual por terceiros ou polos propios servizos xerais das universidades, tales como: análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, asistencia técnica e servizos de consultoras e outros equivalentes.
5. Custos de formación e matrícula. Inscripción en congresos e conferencias.
6. Custos de estadias, viaxes e dietas relacionados coa actividade obxecto da axuda.
7. Material funxible.
8. Custos indirectos ou gastos xerais que non superarán o 20% do total da subvención.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores o 15% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición da USC e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 15% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidas no orzamento.

As modificacións previstas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total e non incrementen o concepto de subcontratación por encima do 50%.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acoillida ao réxime de exención do IVE.

TERCEIRA.- Condicións económicas

- Para as actividades obxecto do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación, concede a Universidade de Santiago de Compostela unha axuda por un importe total de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.744.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020

	Nº FINALISTAS	ANO 2020
Universidade de Santiago de Compostela	1 StG	50.000,00 €

- Na xestión da contratación, as universidades teñen a condición de poder adxudicador por cumprir os requisitos previstos no artigo 3.3 d) da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que deberá respectar as prescricións de dita lei, nos termos indicados nela, para os procedementos de contratación que se realicen na execución deste convenio.
- Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).

CUARTA.- Compromisos e autorizacións

A USC comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 da Regulamento da Lei 9/2007.
 - Documentación que acredite o carácter de finalista na convocatoria StG do ERC dentro do Horizonte 2020 da investigadora para a que se vai destinar a subvención e declaración de presentación dunha nova solicitude ao ERC.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino da axuda concedida e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento do convenio.
 - Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
 - Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
 - Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
 - Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
 - Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 - Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.

QUINTA.- Condicións de pagamento

En consonancia coa duración do convenio e conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de GAIN estipulada neste convenio será aboada anualmente, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do gasto para cada anualidade, conforme ao sinalado a continuación:

AXUDA GAIN	ANO 2020
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	50.000,00 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2020 a 30/11/2020
Data límite de presentación de documentación xustificativa	09/12/2020

Para a documentación xustificativa a data límite de presentación será o 9 decembro de 2020. Non obstante, si existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación (cotas do mes de novembro de 2020) estas terán como data límite o 30 de decembro de 2020.

De non xustificar o importe total das actuacións establecidas para cada anualidade, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Por resolución motivada da Axencia Galega de Innovación, poderá autorizarse un anticipo de ata o 50%, naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007.

A realización dos citados pagamentos parciais á conta e anticipados está exenta da constitución de garantías por parte das universidades de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 51 da Lei 2/2018, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019).

SEXTA.- Forma de xustificación

A xustificación da subvención por parte do beneficiario, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

1. Unha memoria explicativa das actividades desenvoltas en cada anualidade para o cumprimento dos obxectivos do convenio.
2. Documentación xustificativa que acredite a presentación por parte do persoal investigador finalista aos que se destina a subvención dunha nova solicitude as convocatorias do ERC.

No caso dos investigadores que por superación dos períodos límites de experiencia postdoutoral establecidos polo ERC teñan que presentar a súa candidatura nunha modalidade de axuda diferente á que resultou finalista e necesiten de máis tempo para reforzar a súa solicitude, deberán achegar unha certificación na que se faga constar que o gasto xustificado se destinou a reforzar a actividade investigadora do grupo de investigación cara a nova solicitude e que esta se presentará na primeira convocatoria que se realice polo ERC a partires do 31 de outubro de 2020. Nestes casos, o beneficiario estará obrigado a acreditar a efectiva realización do compromiso mediante a achega do documentación indicada no parágrafo anterior, unha vez presentada a correspondente candidatura e, en todo caso, antes do 3 de novembro de 2022.

3. Unha certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, acompañada de:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades obxecto do convenio, coa identificación dos conceptos subvencionables, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e datas de pago.
 - Certificación dos custos de persoal imputados no convenio emitida polo responsable de recursos humanos que consistirá nunha relación detallada por meses do persoal adicado á execución das actividades do convenio, onde se especifique que ditas persoas están traballando dentro do programa, e que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto de traballo, custo bruto salarial mensual imputado ao convenio, data de pago, e de ser o caso o importe da Seguridade Social con cargo á universidade e a data de pago. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación o importe poderá ser xustificado na anualidade seguinte. Tamén se deberá agregar unha copia dos contratos de traballo.
 - Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministros e materiais, supere as contías establecidas para o contrato menor no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, deberá presentarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a

elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica mais vantaxosa, deberá entregarse unha memoria xustificativa. Non obstante, no caso de que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberán someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

- Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
4. Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
 5. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 da Regulamento da Lei 9/2007.

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas

Esta axuda está destinada ao financiamento de actividades de investigación, sendo compatible con calquera outra axuda para o mesmo fin sempre e cando non estea financiando os gastos imputados ao obxecto deste convenio.

OITAVA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por un representante da Axencia Galega de Innovación, que actuará como presidente, un representante da Secretaría Xeral de Universidades e dous representantes da USC, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.

2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (Anexo), que supoñan minoracións en algún dos conceptos subvencionables superiores ao 15% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A comisión reunirase tantas veces o solicite algún dos membros.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Publicidade

A entidade beneficiaria do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación, da Secretaría Xeral de Universidades e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no devandito rexistro.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- Alteración das actuacións

Aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 15% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición da USC e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 15% entre os importes asignados a cada un dos conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (anexo), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas nos parágrafos anteriores, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

DUODÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Axencia Galega de Innovación e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que se aproba o texto Lei de contratos do sector público (artigo 6), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A axuda que se concede, dado que as actividades de fomento da investigación non se realizan por conta ou en colaboración con empresas, non ten a consideración de axudas do Estado para os efectos do número 1 do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e do Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01). En todo caso, a USC queda obrigada a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso – Administrativo.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración estará vixente dende a súa sinatura ata o 3 de novembro de 2022, ao único fin de acreditar o cumprimento do compromiso de presentación de candidaturas contemplado no parágrafo segundo da cláusula 6.2. En todo caso, a execución orzamentaria, períodos de realización de gastos e pagos e datas límite de presentación da restante documentación xustificativa realizaránse nos prazos estipulados na cláusula quinta.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Consellería Educación, Universidade e Formación
Profesional

Francisco José Conde López

Carmen Pomar Tojo

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

ANEXO

Universidade de Santiago de Compostela: Olalla López Costas

	Orzamento previsto (€) 2020
1. Custos de persoal	35.021,00
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	
3. Subcontratacións	6.979,00
4. Servizos tecnolóxicos externos	
5. Custos de formación e matrícula	
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	3.000,00
7. Material funxible	
Total custos directos	45.000,00
Custos indirectos	5.000,00
Total	50.000,00 €